



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 983/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12 DE MARZO DE 2021.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 5 de marzo de 2021.

#### ALCALDÍA

- 2.- Modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias. Expte. 601/1102.

#### ARQUIVO

- 3.- Aprobación de Memoria e autorización de solicitude de subvención para o tratamento dos fondos documentais existentes no Arquivo Municipal". Expte. 49/233.

#### BENESTAR SOCIAL

- 4.- Bases reguladoras e convocatoria das "Subvencións destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bono-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade – ano 2021". Expte. 212964/301.

#### CONTRATACIÓN

- 5.- Resolución do contrato dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores". Expte. 6558/241.
- 6.- Adxudicación do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento da aplicación de xestión de RR.HH e nóminas Expte. 9301/113.

#### EDUCACIÓN

- 7.- Procedemento para a xestión directa polos Consellos Escolares do presuposto municipal de mantemento ordinario dos centros públicos de educación infantil e primaria de Vigo, para o ano 2021 (Programa Autoxestión 2021). Expte. 24876/332.

#### EMPREGO

- 8.- Outorgamento das “Subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo 2020”. Expte. 17262/77.
- 9.- Anulación parcial de crédito contabilizado no procedemento para a contratación da formación na modalidade mixta, presencial e aula virtual no marco do proxecto “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” para exercicio 2021. Expte. 16574/77.

#### IGUALDADE

- 10.- Dar conta dos contratos menores tramitados polo Servizo de Igualdade no mes de febreiro de 2021. Expte. 10697/224.
- 11.- Prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de dous meses de duración. Expe. 10306/224.

#### SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL

- 12.- Proposta de aprobación da “Declaración institucional de integridade”, dentro do Plan de Integridade na Contratación Pública do Concello de Vigo. Expte. 728/1102.

#### SECRETARÍA XERAL

- 13.- Adenda ao contrato comodato con compromiso de doazón subscrito en data 17.11.2017. Regularización das obrigas; ampliación do prazo e ampliación da obra pictórica comodatada. Expte.1433/110.

#### SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 14.- Subvención nominativa, mediante un convenio coa Asociación “Cineclube lumière Vigo”, para a organización da programación de cine en versión orixinal para o exercicio 2021. Expte. 3731/330.

#### SERVIZOS XERAIS

- 15.- Proposta de aprobación do proxecto “Demolición de edificación na Avda. De Samil nº 26 (antigo Camaleón)”. Expte. 4839/443.
- 16.- Proposta de adxudicación da contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares”. Expte. 661/441.



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 983/1102

### TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

17.- Contrato ó abeiro da disposición adicional novena da Lei de Contratos do Sector Público para o subministro de bases xurídicas e acceso a publicacións do grupo editorial WOLTERS-KLUWERT para o período xaneiro 2021-decembro 2021. Expte. 5283/550.

### XUVENTUDE

18.- Expediente de contratación do servizo de organización, xestión e execución dun programa de dinamización infantil. Expte. 9171/336.

19.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **12 de marzo de 2021, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez